O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS

# O BARRIO

PERCORREMOS O BARRIO COA OLLADA POSTA NOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE ESTABLECIDOS NA AXENDA 2030. EN OQUELEO ASUMIMOS O RETO DE PARTICIPAR NESTE COMPROMISO UNIVERSAL A TRAVÉS DA LECTURA CUNHA GRAN SELECCIÓN DE TÍTULOS. ACOMPÁÑASNOS?

**Coida os teus libros. A cultura ten un valor incalculable.**



## 1 URBANISMO

### Unha misión para Clara +10

11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES

Grazas a Clara, imos concienciarnos da importancia de non sacrificar a natureza en prol da obtención de materias primas que converten as cidades nun hábitat artificial, onde todo vale para encher unha vida que, centrada nos bens materiais, non respecta o pasado, non goza do presente e non pensa no futuro.

**Apoia os negocios do teu barrio, incluídas as librarías. Lembra que o cambio medra nos libros.**

**Móvete polo teu barrio en bicicleta, andando ou en transporte público.**



## 2 MOBILIDADE

### Rebeldes +14

17 ALIANZAS PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS

Un fatal accidente de tráfico que pon o mundo de PonyBoy do revés, malas alianzas, coches "tuneados", violencia entre bandas... Unha historia marcada pola esperanza de construír un futuro mellor aínda que non sempre se circule polo camiño máis axeitado.

## 3 COMERCIO

### Os horizontes de Adar +12

2 FAME CERO

Moitos son os motivos que obrigan as persoas a emigrar; entre eles, as guerras e a fame. Adar sae do seu país na procura dun futuro mellor, pero o que lle ofrece o lugar de destino ao chegar é incomprensión e miseria.



## 4 XESTIÓN DE RESIDUOS

### O xeito das froitas +8

12 PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES

Con frecuencia, desfacémonos das cousas para mercar outras semellantes sen pensar en darlles unha nova vida. A mazá de peluche que Iris atopa unha noite nun colector do lixo vaise converter na súa confidente e fará que vexa todo o que a arrodea desde outra perspectiva.





**Usa envases reutilizables e evita os produtos empaquetados.**



## 5 ENERXÍAS RENOVABLES

### E Xoel aprendeu a voar +12

7 ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

É unha realidade que pasamos máis tempo convivindo con aparellos electrónicos ca con persoas. Isto é o que lle ocorría a Xoel, para quen non existía máis mundo ca o da súa consola ata que lle fan ver que a vida está fóra dela.

**Dúchate, na bañeira gastamos demasiada auga.**



**Doa o que non utilizas. As ONG daranlle unha nova vida.**

## 6 PARTICIPACIÓN CIDADÁ

### O contador de estrelas +14

13 ACCIÓN POLO CLIMA

Antía pensaba que aquel ía ser o verán máis aburrido da súa vida. Debía botar dous meses acompañando a súa nai na base do servizo antilumes onde traballa, no medio dunha chaira seca e calorosa. Pero cando coñece a Enver, todo muda, porque xuntos deciden acabar cos incendios que un misterioso piloto provoca.

**DEMÓSTRALLE AO MUNDO QUE ES UN EXCELENTE ECOLECTOR!**

Se pos en marcha estas ou outras medidas para lograr os obxectivos mundiais, anímate e cóntanolo nas redes sociais utilizando o cancelo #SOMOSECOLECTORES.

**oqueleo.com**

O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS